

Amigas e amigos.

Coa nosa gratitude para co Ateneo Republicano, Edicións A Nosa Terra preséntalles hoxe *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e consellos de guerra. Ferrol 1936-1955*, do que é autor Bernardo Máiz Vázquez que, si el mo permite, utilizando as súas palabras, direi del para comezar que é un científico social.

É ferrolán veciño de Mugardos e realiza o seu traballo de docente como catedrático de instituto no Ferrol; licenciado en xeografía e historia pola universidade de Santiago e desde o 1984 é doutor en historia contemporánea pola universidade de Zaragoza. Entre as súas obras *Galicia na segunda república e baixo o franquismo*, 1988, *Memoria catalogo das publicacións galegas antifranquistas*, 1990, *Galegos en Euskadi, Galicia no corazón*, 1992, *Nautilus*, 1994, e as *Embarcacións de pasaxe nas rías galegas*, 2000. é tamén coautor de títulos como o *Pensamento galego na historia . Aproximación critica* 1990, *O movemento guerrilleiro en los años 40* 1990, *Ferrol siglo XX*, 2002. Xunto a Bieito Alonso publicou o *Sindicalismo nacionalista galego 1972-1982*, 2003. E ademais disto agradecerlle que faga algo tan necesario como é pórle rostro aos protagonistas da historia, para que a historia non se converta nunha abstracción mítica e así concreta documentalmente o xa analizado este libro. Creo eu que é sobre de todo un acto de xustiza pública para coa memoria de todos os asasinados e perseguidos e exiliados, e permítanme tamén, un acto de xustiza para coas súas familias que tiveron que atravesar en silencio a súa particular noite de sombra e dor.

Para nos presentar o libro está con nos Carlos F. Velasco Souto, profesor titular de historia contemporánea na universidade da Coruña, investigador especializado en temas de historia social da Galicia, é autor de varios libros e numerosos artigos. As súas obras so máis relevantes son *A sociedade galega da restauración na obra literaria de Pardo Bazán* (1875-1900), *Agitaciones campesinas na Galicia do século XIX*, 1995, *Labregos e insumisos*, 1999 e *Galicia na segunda república*, 2000.

Non sería entendíbel a historiografía galega do ultimo tercio do século vinte sen as obras de investigación histórica da xeración dos historiadores que pouco a pouco desde hai mais de tres décadas está a descubrir a verdadeira imaxe dun verdadeiro país, que entregou a flor da súa xuventude, os seus mellores fillos e fillas, á defensa da legalidade republicana, e que por iso foron asasinados, aínda que con formas hipocritamente legais, con verdadeiras farsas xudiciais.

A nosa gratitude para con Bernardo Máiz por nos achegar a materia histórica tan necesaria e tan dolorosa.

Mais coñecer a nosa historia é o que nos fai non só máis humanos senón posuidores das chaves para poder interpretar o futuro, e para así podelo construír lonxe da infamia que o franquismo construíu.